

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN PARA A CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, O SUBMINISTRO DE GASOLEO AUTOMOCIÓN CLASE "A" PARA ABASTECER OS VEHÍCULOS E MÁQUINAS DO PARQUE DE MAQUINARIA.

1º.- OBXECTO DO CONTRATO.- O Subministro de gasóleo "A" para o abastecemento das máquinas e vehículos adscritos ao Parque de Maquinaria que será de primeira calidade, cumprindo como mínimo as esixencias do Real Decreto 1088/2010, de 3 de setembro, Anexo III, no que se indican as especificacións dos gasóleos de automoción (clase A).

O referido contrato tramitarase por procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación.

Non se admitirá, baixo ningún concepto, que a calidade de claquera clase de gasóleo afecte ás instalacións, á seguridade e/ou o medio ambiente.

Non se permitirá a realización de mezclas que poidan modificar a calidade do combustible.

A Administración resérvase a potestade de realizar ensaios de control de calidade, e control metrolóxico, con carácter arbitrario e sempre que o considere oportuno, con cargo á empresa adxudicataria. Se os resultados fosen inferiores aos que a empresa adxudicataria se compromete a suministrar e/ou aos considerados de referencia con carácter legal, se procederá á rescisión do contrato coas responsabilidades a que dese lugar e abono dos ensaios realizados.

2º.- CONDICIÓN QUE DEBEN REUNIR OS SUBMINISTRADORES.- Os subministradores deberán cumprir as obrigas recollidas no Real Decreto 2487/1994, de 23 de decembro, referente ao Estatuto regulador das actividades de distribución polo miúdo, mediante subministros directos a instalacións fixas de carburantes e combustibles petrolíferos, así como a Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Así mesmo cumpriran tódalas obrigas fiscais, tributarias, de Seguridade e Saúde Laboral. En ningún momento admitirase a realización de subministracións por revendedores.

3º.- RESPONSABILIDADE E SEGURO.- Co fin de non incorrer ou eludir as responsabilidades fixadas no artigo 27 do Estatuto regulador das actividades de distribución polo miúdo mediante subministracións directas a instalacións fixas, de carburantes e combustibles petrolíferos, o distribuidor-operador, cando realice a descarga do camiión e a carga do tanque, se observara algunha deficiencia na instalación, a mesma será notificada aos Centros Gestores da Deputación de Pontevedra, destino das subministracións, indicando o tipo de anomalía, data e cantos datos de interese contribúan ao coñecemento da anomalía ou avaría, para a súa inmediata reparación.

A empresa adxudicataria terá a obriga de subscribir unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil, de como mínimo, cen mil (100.000) euros polos accidentes, danos e prexuízos que xurdan como consecuencia da prestación do servizo.

4º.- CONDICIÓN DO SUMINISTRO.-

- O prazo máximo de entrega será de 48 horas.



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

- O punto de subministración será o Parque de Maquinaria do Concello de Tui, sito en Guillarei-Gándara.

A cantidade a subministrar estará determinado ou condicionado pola capacidade do depósito de almacenamento existente no Parque de Maquinaria.

A empresa adxudicataria deberá posuír os medios materiais e humanos necesarios para realizar o transporte, de acordo á Normativa sobre Transporte de Mercadorías Perigosas pola Estrada (TPC), considerando a subministración realizada unha vez baleira a cisterna ou contedor no depósito de almacenamento.

A empresa adxudicataria será a responsable de realizar o transporte e descarga do gasóleo coas debidas garantías de manipulación, seguridade e calidade, a risco e ventura da empresa adxudicataria e sen cargo adicional ningún.

Tódolos camións cisterna que realicen as subministracións deberán equiparse con equipos de medida homologados e verificados co fin de comprobar mediante tiquets impresos, as entregas parciais dos combustibles. Non se admitirán ofertas que non presenten certificados de calibración cunha antigüedad inferior a un ano.

A persoa da empresa adxudicataria encargada do subministro deberá aportar en cada entrega documentación acreditativa da medición da cantidade descargada. Aos debidos efectos formalizarase un albarán de entrega, no que se especifique o lugar de entrega, cantidade e tipo de gasóleo subministrado, data e hora de remate do subministro. O vale de entrega xunto co tiquet do camiión cisterna estará asinado polo responsable encargado de recepcionalo subministro, o cal verificará que os datos consignados sexan correctos.

O transportista ou cargador-descargador asumirá a responsabilidade no caso de accidente, desbordamento ou rebosamento así como calquera outro sinistro grave ou leve que afecte a terceiros ou á propia Deputación de Pontevedra, caso no que, ademais de tomar as medidas sinaladas na Normativa sobre Transporte de Mercadorías Perigosas por Estrada, notificará aos organismos competentes o tipo de sinistro e danos ocasionados.

5º.- ORZAMENTO DO CONTRATO.- O orzamento do contrato será por un **máximo de 73.077,38€, IVE e demais impostos incluídos.**

As ofertas incluírán tódolos gastos de transporte, descarga, autorizacións e impostos, seguros de accidente e responsabilidade civil, seguridade social, etc., para o suministrado directamente ao destino. En ningún caso aplicarase suplemento algún por transporte, distancia, localización xeográfica do depósito sinalado, ou calquera outro motivo.

Xunto coa oferta económica, as empresas licitadoras deberán presentar a seguinte documentación:

- No relativo ao combustible: Fixa técnica de características, de acordo coas indicacións do apartado 2.
- Fixa de seguridade de cada produto.
- Certificado que acredite as calidades presentadas.



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

- No relativo ao subministro: Relación de vehículos coas súas matrículas, certificados de aprobación para vehículos que transportan materias perigosas. Certificado ADR de formación do condutor. Tipo e marca do equipo de medida que está instalado no vehículo, acompañando o certificado de calibración dos equipos de medida correspondentes a cada vehículo.

6º.- TIPO DE LICITACIÓN .- Os licitadores terán que realizar as súas ofertas en función do parámetro DELTA da fórmula que se indica a continuación, sendo o importe a pagar por factura o resultado de dita fórmula.

A oferta do parámetro DELTA, será efectuada en función dos EUROS/LITRO e non poderá ser superior a 0,06.

$CI \times CD \times D + DELTA + II.EE + I.V.M.H. + IVA$

Sendo:

* CI: Cotización Internacional ALTA GORGOES CIF NWE, BASIS ARA, concretamente a media aritmética das cotizacións válidas a semana anterior (de luns a venres) en que se realiza o subministro. O período de vixencia de cada prezo semanal será por conseguinte de sábado ás 00:00 horas ó venres seguinte (PLATTS EUROPEAN MARKETSCAN).

* CD: O valor de cambio de divisas (euros /US Dólar) en base á media aritmética da semana anterior na que se realiza o subministro.

* D: Densidade do tipo de carburante correspondente.

* DELTA: Prima fixa en euros, inclúe ademais do beneficio industrial, os custos de almacenamento, transporte tanto primario como capilar, gastos xerais, etc.

* I.I.E.E.: Impostos especiais.

* I.V.M.H.: Imposto sobre vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos.

* I.V.E.: Valor en cada intre.

7º.- DURACIÓN DO CONTRATO.- O contrato terá unha duración de un ano.

Pontevedra,

Asdo: